

FORMACION E FUNCIÓNS DOS COORDINADORES DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN

Autor: José Manuel Blanco Montero
Técnico superior en Prevención de Riscos Laborais, coordinador de seguridade e saúde nas obras de construción e enxeñeiro técnico Industrial.

Xefe do Servizo de Prevención de ACCIONA Infraestructuras, S.A. en Galicia.

No ano 1997, o Real decreto 1627 do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción incorpora e describe a figura e funcións do coordinador de seguridade e saúde en fase de proxecto e en fase de execución de obra.

Basicamente, esta figura defínese como un técnico **“competente”**, designado polo promotor da obra para desenvolver as funcións establecidas principalmente nos artigos 8 e 9 do citado Real decreto 1627/1997.

Despois de moitas interpretacións desa **“competencia”** realizadas por distintos colectivos e profesionais, finalmente, a Lei 38/1999, de ordenación

da edificación, puxo couto a esta establecendo con rango normativo de lei, e no ámbito da edificación, as titulacións universitarias habilitantes para exercer as funcións de coordinador de seguridade e saúde nas obras de construción, tanto en fase de proxecto como en fase de execución da obra.

Se ben é certo que a prevención de riscos laborais debe considerarse como unha materia transversal, non é menos certo que, no sector de construción, as funcións a desenvolver polos coordinadores de seguridade e saúde, tanto na fase de proxecto coma na fase de execución de obra, existen duns coñecementos técnicos propios do sector, isto é, relacionados cos procesos construtivos a executar e as súas posibles variantes, coa tecnoloxía que se utiliza nas obras de construción, cos medios e equipos de traballo vinculados ás distintas unidades de obra... Soamente tendo como base este coñecemento técnico estarase en condicións de valorar e resolver axeitadamente a problemática preventiva do centro de traballo, posto que a principal función

dos coordinadores de seguridade e saúde é unha función técnico-organizativa para garantir a aplicación, no proxecto ou na execución da obra, dos principios da acción preventiva.

As obrigas normativamente establecidas no Real decreto 1627/1997 para os coordinadores de seguridade e saúde, quizais excesivamente ambiguas e xeneralistas, deron e dan lugar a actuacións destes profesionais que se desvían dos principais labores técnicos de organización e intervención na dirección técnico-preventiva dos traballos, derivándose cara a actuacións de control meramente administrativo e documental sobre os aspectos preventivos máis propios dos sistemas de xestión das empresas construtoras.

Nesta liña, debemos recordar que o coordinador de seguridade e saúde en fase de proxecto é o garante da aplicación no proxecto da obra dos principios xerais de prevención establecidos na Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, e as súas funcións consisten, fundamentalmente, na participación, xunto co resto dos proxectistas que interveñen na redacción do proxecto, na definición do proceso construtivo da obra aos efectos, entre outros, de integrar no devandito proxecto as denominadas **medidas de prevención técnica** que se plasmarán tanto no propio proxecto de execución (formando parte das diferentes unidades construtivas) como no Estudo ou no Estudo básico de seguridade e saúde segundo corresponda.

Non se trata polo tanto de realizar unha simple identificación dos riscos propios da actividade de construción, asociando aos mesmos as medidas preventivas dalgún xeito establecidas nos numerosos manuais de prevención que existen no mercado, senón que se trata de exercer como técnico facultativo para consensuar, xunto co resto dos proxectistas que interveñen no desenvolvemento do proxecto de obra, as solucións construtivas que, actuando sobre os procesos de traballo, a cronoloxía e a organización no desenvolvemento das distintas unidades de obra, os sistemas de

execución, os criterios de selección de equipos, máquinas, produtos, os criterios de calidade da prevención a implantar, etcétera, leven á eliminación e control dos riscos graves derivados do proxecto actuando na orixe do mesmo.

Paralelamente podemos establecer as funcións a desenvolver polos coordinadores de seguridade e saúde en fase de execución de obra que, como se dixo, se desvían do seu labor técnico-organizativo derivando cara a unha especie de auditorías documentais sobre a xestión da prevención e os seus procedementos implantados polos distintos contratistas e subcontratistas que interveñen no proceso construtivo da obra, os cales son máis propios das empresas auditoras.

O coordinador de seguridade e saúde en fase de execución de obra ha de desenvolver as súas funcións a partir da súa **integración na dirección facultativa da obra**, participando na toma de decisións técnicas que o desenvolvemento dos traballos require co fin de garantir a integración da actividade preventiva nas unidades de obra a executar.

Non se trata de que o coordinador de seguridade e saúde teña que tomar as decisións técnicas e de organización propias da obra senón que ha de participar destas como membro da dirección facultativa, aos efectos de garantir que nelas se teñen en conta os principios da acción preventiva.

Dentro destas actuacións cobra especial relevancia a **coordinación na concorrencia ou simultaneidade de actividades**, que se erixe como unha das principais responsabilidades do coordinador de seguridade e saúde en fase de execución de obra sen prexuízo das tarefas de coordinación de actividades que a normativa esixe ás empresas concorrentes de forma xenérica no artigo 24 da Lei de prevención de riscos laborais e desenvolvido regulamentariamente no Real decreto 171/2004.

Nesta situación, é función do coordinador de seguridade e saúde en fase de execución de obra garantir a devandita coordinación, impulsándoa e

velando polo seu correcto desenvolvemento; o cal implicará o concerto e conxugación dos diferentes fins e obxectivos dos actores en concorrencia, previndo a duración dos traballos simultáneos e

analizando a sistemática prevista para os mesmos co fin de evitar, ou no seu caso controlar, as interferencias, contradicións ou incompatibilidades que puidesen existir.

FORMACIÓN EN MATERIA DE PREVENCIÓN DOS COORDINADORES

Unha vez establecidas na lei de ordenación da edificación as titulacións universitarias de enxeñeiro, enxeñeiro técnico, arquitecto e arquitecto técnico como as que habilitan para exercer as funcións de coordinador de seguridade e saúde no sector da construción, quedaba por determinar cal sería a formación que en materia de prevención de riscos laborais deberían ter estes profesionais.

Partindo do feito de que a formación necesaria en materia de prevención de riscos laborais para exercer as funcións de coordinador de seguridade e saúde nas obras de construción non está establecida como obrigatoria en ningunha das normas aludidas e tampouco se atopa recollida entre as competencias para as que habilitan os distintos niveis formativos en materia de prevención de riscos laborais do Decreto dos servizos de prevención (nivel superior, intermedio e básico en prevención de riscos laborais), na guía técnica de desenvolvemento do citado Real decreto 1627/1997, editada polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, indícase que **“se considera técnico competente para exercer as funcións de coordinador de seguridade e saúde nas obras de construción a aquela persoa que posúe titulacións académicas e profesionais habilitantes así**

como coñecementos en actividades de construción e de prevención de riscos laborais acordes coas funcións a desempeñar”. A este respecto, a guía técnica establece a formación preventiva que é **conveniente** adquirir para exercer as funcións de coordinador de seguridade e saúde nas obras de construción, indicándose ademais de forma expresa (por se aínda existisen dúbidas ao respecto) que os programas formativos das diferentes titulacións en materia de prevención de riscos laborais establecidas no real decreto dos servizos de prevención (RD 39/1997) non dan resposta a esta necesidade formativa específica.

No anexo B da guía técnica recóllese o contido mínimo do programa de formación que sería conveniente que cursaran os profesionais que, academicamente habilitados, pretendan exercer as funcións de coordinadores de seguridade e saúde en fase de proxecto e/ou en fase de execución das obras de construción.

Este programa formativo, dividido en seis módulos, ten unha carga lectiva de duascenas horas sendo o temario específico de prevención de riscos laborais aplicado ás especiais características do sector da construción.

REXISTRO DE COORDINADORES

No ano 2008 e ao amparo das súas competencias legislativas, a Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, por medio do decreto 153/2008 do 24 de abril, crea un rexistro público de ámbito au-

tonómico, de natureza administrativa e carácter voluntario co obxecto de **incentivar a cualificación** dos profesionais que actúen como coordinadores de seguridade e saúde nas obras de construción,

así como para **promocionar a súa formación específica** nesta materia.

Neste decreto, moi demandado polos colectivos implicados, establécese que neste rexistro, adscrito á Dirección Xeral de Relacións Laborais, soamente poderán inscribirse aqueles profesionais que reúnan as condicións habilitantes ou de competencia segundo a normativa vixente para exercer a coordinación de seguridade e saúde nas obras de construción, e que contén ademais con formación preventiva especializada e acreditada de acordo co establecido no anexo I do citado Decreto 153/2008.

Ambas as dúas condicións de inscrición en materia formativa, isto é, titulación académica habilitante e formación preventiva especializada e acreditada segundo o programa definido no anexo I, son indispensables para proceder á inscrición no rexistro sen prexuízo de calquera outra formación que cada profesional puidese acreditar e incorporar á solicitude de inscrición (por exemplo a formación en prevención de riscos laborais segundo o Real decreto 39/1997 dos Servizos de Prevención).

Cabe sinalar como características especial e específica do programa formativo proposto no anexo I do Decreto, o carácter presencial da formación para todo o programa proposto non sendo polo tanto válidos, para estes efectos, os cursos realizados nas modalidades de “a distancia”, “on line” ou “semipresencial ou mixtos”.

Nesta liña cómpre sinalar que, dentro do programa formativo proposto no decreto, a carga lectiva relativa aos aspectos fundamentais e específicos das funcións dos coordinadores alcanza o 70% do seu crédito horario quedando o restante 30% para aqueles aspectos xerais da prevención e especialidades de medicina, ergonomía e psicología do traballo.

As directrices establecidas polo decreto para a inscrición dos profesionais neste son, resumidamente, as seguintes:

INSCRICIÓN

As persoas que cumprindo os requisitos mínimos indicados pretendan inscribirse no rexistro deberán presentar a correspondente solicitude de acordo ao modelo oficial que se achega no anexo II do decreto.

Será a Dirección Xeral de Relacións Laborais a que no prazo de tres meses resolverá sobre a solicitude entendéndose denegada en caso de que no devandito prazo a resolución non tivese lugar.

CANCELACIÓN.

A cancelación no rexistro poderá producirse a petición do propio interesado ou de oficio pola dirección xeral en caso de comprobarse obxectivamente a concorrencia de circunstancias que xustifiquen a cancelación tras a correspondente audiencia aos interesados.

ACCESO A DATOS.

O acceso aos datos de carácter público do rexistro será directo a través da páxina web ou a instancia do interesado. Toda esta información incluírase nun ficheiro automatizado de datos.

ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN.

Establece o Decreto a necesidade de que as entidades que acrediten a formación preventiva especializada en materia de prevención de riscos laborais para os coordinadores de seguridade e saúde nas obras de construción deberán contar coa acreditación da Dirección Xeral de Relacións Laborais e validar os contidos formativos impartidos no curso correspondente.

Establécese así mesmo a posibilidade de acreditación da formación preventiva especializada por aqueles profesionais que poidan xustificar e acreditar o exercicio profesional continuado da actividade de coordinación de seguridade e saúde, debendo neste caso superar unha proba específica que haberá de convocarse pola Dirección Xeral de Relacións Laborais.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de Relacións Laborais

ANEXO

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
REXISTRO DE COORDINADORES/AS EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	TR853A	SOLICITUDE

SOLICITANTE

APELLIDOS E NOME		DNI / NIF
ENDEREZO		
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
TÉLEFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

SOLICITUDE DE:

☐ INSCRICIÓN☐ CANCELACIÓN☐ ACTUALIZACIÓN DE DATOS

NO REXISTRO DE COORDINADORES/AS EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

DECLARO:

a) QUE AUTORIZO EXPRESAMENTE A CONSELLERÍA Á PUBLICACIÓN NA SÚA PÁXINA WEB OFICIAL DOS DATOS DE CARÁCTER PÚBLICO ESTABLECIDOS NO ARTIGO 5º DESTE DECRETO.

b) QUE SON CERTOS CANTOS DATOS FIGURAN NESTA SOLICITUDE, ASÍ COMO A DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA, E COMPROMÉTOME A COMUNICAR AS MODIFICACIÓNS QUE SE PRODUZAN NOS DATOS E

SOLICITO:

☐ A INSCRICIÓN NO REXISTRO DE COORDINADORES DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

☐ A CANCELACIÓN DA INSCRICIÓN NO REXISTRO.

☐ A ACTUALIZACIÓN DOS DATOS DO REXISTRO.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 153/2008, do 24 de abril, polo que se crea o Rexistro de coordinadores e coordinadoras en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de

DIRECTORA XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

(A cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

1. DATOS DO/A SOLICITANTE

APELLIDOS E NOME		DNI / NIF
ENDEREZO		
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
COLEXIO PROFESIONAL		Nº DE COLEXIADO

2. DATOS ACADÉMICOS E FORMACIÓN PREVENTIVA

2. TITULACIÓN ACADÉMICA	
2.1. FORMACIÓN PREVENTIVA ESPECIALIZADA COMO COORDINADOR/A	
IMPARTIDA POR:	DATA
2.2. FORMACIÓN EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DE NIVEL INTERMEDIO OU SUPERIOR SEGUNDO O RD 39/1997, DO 17 DE XANEIRO	
IMPARTIDA POR:	DATA
2.3. OUTRA FORMACIÓN COMPLEMENTARIA OU DE ACTUALIZACIÓN EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	
TÍTULO:	DATA

3. EXPERIENCIA COMO COORDINADOR/A EN SEGURIDADE E SAÚDE EN OBRAS DE CONSTRUCCIÓN NO ÁMBITO DO RD 1627/1997 DO 24 DE OUTUBRO

3.1. NA ELABORACIÓN DO PROXECTO DE OBRA	
Nº OBRAS (ESPECIFICAR NA FOLLA A ADXUNTA OS DATOS RELATIVOS A CADA OBRA)	
3.2. NA EXECUCIÓN DA OBRA	
Nº OBRAS (ESPECIFICAR NA FOLLA B ADXUNTA OS DATOS RELATIVOS A CADA OBRA)	
3.3. ESTUDIOS DE SEGURIDADE E SAÚDE	Nº TOTAL
3.4. ESTUDIOS BÁSICOS DE SEGURIDADE E SAÚDE	Nº TOTAL



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de Relacións Laborais

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
REXISTRO DE COORDINADORES/AS EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.	TR853A	FOLLA A adxunta

**3. EXPERIENCIA COMO COORDINADOR/A EN SEGURIDADE E SAÚDE EN OBRAS DE CONSTRUCCIÓN NO
ÁMBITO DO RD 1627/1997 DO 24 DE OUTUBRO na elaboración do proxecto de obra**

TIPO DE OBRA		
RAZÓN SOCIAL		
VOLUME DA OBRA (PRESUPOSTO)		DATA
TIPO DE OBRA		
RAZÓN SOCIAL		
VOLUME DA OBRA (PRESUPOSTO)		DATA
TIPO DE OBRA		
RAZÓN SOCIAL		
VOLUME DA OBRA (PRESUPOSTO)		DATA
TIPO DE OBRA		
RAZÓN SOCIAL		
VOLUME DA OBRA (PRESUPOSTO)		DATA
TIPO DE OBRA		
RAZÓN SOCIAL		
VOLUME DA OBRA (PRESUPOSTO)		DATA
TIPO DE OBRA		
RAZÓN SOCIAL		
VOLUME DA OBRA (PRESUPOSTO)		DATA
TIPO DE OBRA		
RAZÓN SOCIAL		
VOLUME DA OBRA (PRESUPOSTO)		DATA
TIPO DE OBRA		
RAZÓN SOCIAL		
VOLUME DA OBRA (PRESUPOSTO)		DATA
TIPO DE OBRA		
RAZÓN SOCIAL		
VOLUME DA OBRA (PRESUPOSTO)		DATA

Sería de desexar que esta proba específica que convoque a Dirección Xeral de Relacións Laborais para valorar a cualificación e preparación daqueles facultativos que pretendan a inscrición no rexistro de coordinadores de seguridade e saúde contase coas achegas, consenso e participación dos diferentes colectivos profesionais e sociais implicados tales como colexios profesionais, asociacións empresariais, sindicatos, etcétera ademais dos órganos especializados de materia. Soamente a partir deste consenso entre os diferentes actores se conseguirá que a formación para os coordinadores sexa unha formación de calidade, homoxénea e en igualdade de condicións para todos os profesionais que vaian desenvolver esta tarefa nas obras de construción en Galicia.

LEMBRA QUE:

- As titulacións académicas habilitantes para exercer as funcións de coordinador de seguridade e saúde nas obras de construción son as de arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro e enxeñeiro técnico.
- As funcións a desenvolver polos coordinadores de seguridade e saúde son fundamentalmente de carácter técnico organizativo para garantir a aplicación dos principios da acción preventiva na redacción do proxecto ou na execución das unidades de obra.
- A formación preventiva para exercer as funcións do coordinador ha de ser específica e especializada para o sector non respondendo a esta esixencia os programas formativos do decreto dos servizos de prevención.
- A Xunta de Galicia creou un rexistro autonómico de coordinadores no que poderán inscribirse aqueles profesionais que contan coa formación académica regulamentaria e con formación especializada en materia de prevención de riscos laborais de acordo co anexo do Decreto 153/2008.
- Tamén se poderán rexistrar aqueles profesionais que acrediten o exercicio continuado da actividade de coordinador de seguridade e superen unha proba para xustificar a formación preventiva especializada.

NORMATIVA DE REFERENCIA

Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais

Real decreto 1627/1997 “disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción”

Real decreto 39/1997 dos servizos de prevención

Lei 38/1999 de ordenación da edificación (L.O.E.)

Decreto 153/2008 polo que se crea o rexistro de coordinadores e coordinadoras en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.